



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2017-173

LUDOLAZATE - LUDOTECA DE VERAN PARA NENOS 2017

En Laza a, 13 de Xuño de 2017

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE UN MONITOR PARA O PROGRAMA "ludoLAZAte 2017", DO CONCELLO DE LAZA CON BOLSA DE CONTRATACIÓN ENTRE OS ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello dun monitore para o programa "ludoLAZAte 2017", con bolsa de contratación entre os aspirantes non seleccionados.
2. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.
3. Funcións: Encargado de prestar os servizos de monitor de ocio e tempo libre nunha ludoteca de verán, que funcionará dende o **15 de xullo ata o 31 de agosto**, en función da demanda existente do servizo. As funcións, entre outras, son as de fomentar hábitos e pautas de comportamento a través do xogo en torno a diferentes eixos: respecto, convivencia, igualdade, solidariedade, tolerancia, coeducación, educación para a saúde, respecto a natureza e ó medio ambiente, promoción do traballo en equipo e colaboración entre os propios nenos, etc., realización de talleres e actividades como psicomotricidade, manualidades, contacontos, xogos educativos, etc., deseño e programación de actividades de ocio educativos cós nenos, e outras funcións relacionadas co posto de traballo.

SEGUNDA. Bases específicas.

1. Número de prazas: **Unha** (1) quedando unha bolsa de traballo entre os aspirantes que non sexan seleccionados.
2. Categoría profesional: Monitor Socio-cultural do Concello de Laza.
3. Duración: **1 mes e medio**, según as necesidades do programa.
4. Contrato laboral a formalizar: obra ou servizo determinado.
5. Xornada laboral: **Media xornada**.
6. Salario bruto mensual: **480,00 €** (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como extranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de **Monitor Socio-Cultural**, título de **Monitor de Ocio e Tempo Libre**, título de **Coordinador de Tempo Libre**, **Ciclo formativo en Animación Sociocultural**, **Ciclo formativo en Educación Infantil**, **Grado en Educación Social**, **Grado en Pedagogía** ou estar en **posesión dalgún título equivalente, relacionado co posto**.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administración Pública de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así coma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do **CELGA 2**, título superior ou equivalente, deberá superar unha **proba escrita** sobre o coñecemento do idioma galego. Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA.- Criterios de selección, puntuación e xustificación.

O procedemento de selección dos aspirantes, desenvolverase en dúas fases, **oposición e concurso**. A fase de oposición, será previa á fase de concurso, e consistirá na realización de dúas probas de aptitude, eliminatorias e obrigatorias entre os aspirantes. Os aspirantes serán convocados nun único chamamento, sendo excluídos da fase de oposición quen non comparezca, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal. Os candidatos ao posto, deberán de acudir provistos do DNI, ou no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir. Finalizada a fase de oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes que fosen considerados como Aptos na fase de oposición.

Os méritos a valorar, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:



4.1. FASE DE CONCURSO: (40% del total: de 0 a 4 puntos)

4.1.1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **2,00 puntos**.

- a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: **0,30 puntos por mes completo**.
- b) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: **0,15 puntos por mes completo**.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional.

4.1.2. Formación: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **2,00 puntos**. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto ao que se opta:


- Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso.
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,30 puntos/curso.
- Cursos de 41 a 60 horas: 0,50 puntos/curso.
- Cursos de 61 a 100 horas: 0,70 puntos/curso.
- Cursos de máis de 101 horas: 1,00 puntos/curso.

4.2. FASE DE OPOSICIÓN: (60% del total: de 0 a 6 puntos)

4.2.1. Proba teórica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **3,00 puntos**. Realizarase unha proba consistente en desenvolver un exame tipo test con 20 preguntas sobre o seguinte **TEMARIO**:

- a) A animación sociocultural.
 - b) A educación infantil.
 - c) Dinámicas grupais e actividades de ocio e tempo libre.
- Cada resposta correcta sumará 0,15 puntos.
 - Cada resposta errada restará 0,05 puntos.
 - A puntuación mínima para superar esta proba será de 1,50 puntos.
 - Esta proba é eliminatoria.

2. Proxecto de actividades: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **3,00**



puntos. Cada aspirante deberá de presentar un proxecto coas actividades que pretende realizar dentro do programa ludoLAZAte 2017, de non máis de oito folios (a dobre espacio e por unha sola cara).

- A puntuación mínima para superar esta proba será de 1,50 puntos.
- Esta proba é eliminatoria.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

5.1. O anuncio da convocatoria publicárase no **taboleiro** de anuncios do Concello de Laza, na páxina web municipal (www.laza.es), así como no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (**BOP**). As bases do proceso de selección estarán dispoñibles no Concello de Laza e na páxina web do concello de Laza.

5.2. As solicitudes para participar no proceso de concurso - oposición, presentaranse, conforme ó modelo que figura como **Anexo I** destas bases, no prazo de cinco **(5) días hábiles** no Rexistro Xeral do Concello de Laza, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou na forma que determina o artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sendo necesario neste caso, comunicar a remisión da documentación vía fax (988.42.21.02) ao propio Concello de Laza. Dito fax deberá de ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois de non ser así non será admitida a solicitude.

5.3. O prazo de presentación de solicitudes, computarase a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP, e deberá de achegarse a seguinte documentación:

- a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos, (soamente se terán en conta os méritos alegados con data límite o último día da presentación de instancias).
- c. Declaración responsable de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).
- d. Copia compulsada da titulación esixida.
- e. Proxecto de actividades, con data e sinatura do aspirante.

5.4. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

SEXTA. Comisión seleccionadora.

1. A Comisión Seleccionadora, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e as probas establecidas nas bases, estará integrado polos seguintes membros:

- Un Presidente.
- Un Vogal.



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

- Un Secretario-vogal.

A Comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

A Comisión valorará a documentación presentada na fase de concurso e as probas realizadas na fase oposición, de acordo ás bases da convocatoria.

No suposto de que forme parte da Comisión algunha persoa allea ao Concello, terá dereito a percibir indemnización por a asistencia correspondente segundo o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.

SÉTIMA. Procedemento de selección

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Presidencia aprobarase a **lista provisional** de admitidos e excluídos ao concurso-oposición. A mesma resolución do alcalde conterá a composición da comisión seleccionadora, o lugar, data e hora das probas. A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Laza (www.laza.es), concedéndose un prazo de **dous días hábiles** para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o alcalde aprobará a **lista definitiva** de admitidos e excluídos. Na data indicada na lista provisional de admitidos e excluídos comezará o concurso-oposición.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento do aspirante aprobado, procedendo o alcalde ao nomeamento do aspirante seleccionado, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia ou baixa do traballador contratado con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

NOME E APELIDOS _____ DNI _____
DATA NACEMENTO _____ C/ _____
LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____ CODIGO POSTAL _____
TELEFONO _____ CORREO ELECTRONICO _____

EXPON:

Que tendo coñecemento da convocatoria para a selección de:

- ☐ Monitor do Programa ludoLAZAte 2017.

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a documentación precisa para elo; e polo que,

SOLICITA:

Ser admitido o proceso de selección para a praza de.

- ☐ Monitor do Programa ludoLAZAte 2017.

Laza ____ de ____ de 2017


Asdo. _____

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA.

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña. _____, con DNI _____, e domicilio en _____, declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de monitores para o



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

Programa "ludoLAZAte 2017", asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en Laza,.....de.....de 2017.

(Asinado polo/a interesado/a)

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA

O Alcalde,

Asdo. José Ramón Barreal Novo